



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE
POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

DOC. ORDENACIÓN
ANEXO TOMO I
SECTOR DE ORDENACIÓN
DETALLADA
S-64-D EIRAVELLA

ÍNDICE XERAL

I. MEMORIA EXPOSITIVA E XUSTIFICATIVA	2
1. Conveniencia e oportunidade	2
2. Identificación do sector de planeamento e determinación do PXOM	2
3. Contextualización e preexistencias	2
4. Elementos Estructurantes da Proposta	2
5. Obxetivos	3
6. Criterios de Ordenación	3
7. Cadro xeral de Superficies	3
8. Cumprimento das especificacións da Ficha de determinacións do PXOM	3
9. Ordenanzas propias da Ordenación Detallada.....	5
10. Criterios seguidos para a implantación dos servizos	5
11. Viabilidade económica da Transformación	5
12. Sistema de Actuación y Plazos	6
13. Plan de etapas e avaliación económica das obras de urbanización	6
14. Proxecto de Urbanización	7
15. Polígonos	7
16. Xustificación do Cumprimento da Lei e Regulamento de Accesibilidade.....	7
II. ESTUDIO DE SOSTENIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO	9
III. ÍNDICE DE PLANOS	57

I. MEMORIA EXPOSITIVA E XUSTIFICATIVA.

1. Conveniencia e oportunidade

A presente Ordenación Detallada redáctase por encargo expreso da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, para dar cumprimento á Proposta de Convenio Urbanístico a asinar entre o Concello de Vigo e a Propiedade dos terreos do sector do que xa se aprobou a súa incorporación ao PXOM en tramitación.

Adxunto á presente Ordenación Detallada, incorpórase copia do Convenio en cuestión.

2. Identificación do sector de planeamento e determinación do PXOM.

A presente Ordenación Detallada, correspóndese co sector de solo urbanizable delimitado previsto no PXOM de Vigo en tramitación, identificado como S-64-D, EIRAVELLA, cunha superficie de 22.035 m², tal como ven na Ficha de Características do Sector, cuos parámetros de obrigado cumprimento se teñen en conta á hora de perfilar a presente Ordenación Detallada.

3. Contextualización e preexistencias.

O presente ámbito de estudio comprende unha zona de solo situada na zona do encoro de Zamáns, e delimitada pola estrada a Porriño polo sur, a Autoestrada que vai hata Baiona polo oeste; e dúas corredeiras secundarias polo este e norte.

Existe un pequeno núcleo de vivendas unifamiliares nun dos seus lindeiros, que despois duns terreos baleiros, convértese nun máis poboado con bastante entidade, onde se ubica o centro de Veciños da Parroquia de Zamáns.

É un lugar de boas comunicacións: coa Autoestrada a Baiona, coa Universidade de Vigo (Lagoa-Marcosende), coa zona periurbana de Vigo: parroquias de Valladares, etc., e mesmo co Concello de Gondomar, xa que está casi no límite.

4. Elementos estruturantes da proposta.

Os elementos xa citados existentes no ámbito circundante ó sector obxecto de ordenación, e sobre todo a presenza do encoro de Zamáns, cunha zona de protección ó ser un servizo de auga sanitaria para o Termo municipal de Vigo e outros, así como a directriz xenérica do P.X.O.M. de evitar usos de vivenda, levou a plantexar a proposta presente.

5. Obxetivos.

Como obxetivos específicos da Ordenación deste ámbito están:

- Acadar un enlace entre a estrada de Porriño coa que sube a Universidade máis seguro, xa que está situado nunha curva de moi poca visibilidade.
- Mellorar dito vial da Universidade.
- Así mesmo, acadar un uso dacordo coa boa situación do ámbito dende o punto de vista paisaxístico, climático e de comunicación.
- Respetar o máximo o entorno de alto nivel ecolóxico.
- Compatibilizar as determinacións do planeamento vixente coas emanadas dos criterios e obxetivos do presente P.X.O.M.

6. Criterios de ordenación.

Os criterios para a Ordenación plantexada veñen marcados pola forma do sector e os viais que como xa sinalamos, o estruturan:

- A separación do edificio o máximo do vial de máis tráfico: o de Porriño creando unha zona de protección co mesmo.
- Mellorar o acceso o mesmo dende o vial secundario (o da Universidade).
- Acadar as mellores vistas e soleamento.
- Protexer o edificio da Autoestrada de Baiona.

7. Cadro xeral de superficie.

RECUADRO	PARCELA	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE (m ² construídos)	APROVEITAMENTO (m ² /m ²)	OCUPACIÓN MÁXIMA	Nº PLANTAS
R-1		22.035 m ²	3.922 m ²	0,178 m ² /m ²	50 %	II

SISTEMAS LOCAIS		USOS	
ESPACIOS VERDES m ²	EQUIPAMENTOS m ²	RESIDENCIA	OTROS
2.050 m ²	650 m ²	3.922 m ²	0 m ²

8. Cumprimento das especificacións da Ficha de determinacións do PXOM.

Dacordo co disposto no artigo 62.1.b da Lei 9/2002 considéranse como determinacións estruturantes aquelas ás que se fai referencia para o solo urbanizable, no artigo 57.2, que son:

- Ámbito
- Usos globais e tipoloxía
- Altura máxima
- Superficie total edificatoria
- Reserva de solo para dotacións
- Previsión de sistemas xerais necesarios para o desenrolo do sector.

Estas determinacións no que respecta a Ordenación do sector de Eiravella son:

DETERMINACIÓN ESTRUCTURANTES	FICHA	ORDENACIÓN DETALLADA
SUPERFICIE SECTOR	22.035 m ²	22.035 m ²
USO CARACTERÍSTICO	Dotacional Privado	Dotacional Asistencial
USOS ASOCIADOS	-----	Dotacional Educativo e Sanitario
ALTURA MÁXIMA	2 andares	2 andares
EDIFICABILIDADE	0,178 m ² /m ²	0,178 m ² /m ²
SUPERFICIE MÁXIMA EDIFICABLE	3.922 m ²	3.922 m ²
RESERVA DOTACIÓN: ZONA VERDE USO PÚBLICO	2.050 m ²	2.050 m ²
DOTACIÓN PÚBLICAS	650 m ²	650 m ²
APARCAMENTOS USO PÚBLICO	21	26
SISTEMAS XERAIS VIARIO	2.731 m ²	4.070 m ²

9. Ordenanza de Ordenación Detallada.

A Ordenanza deste ámbito, Eiravella S-64-D é a Xenérica Ordenanza -13 do Plan Xeral- Areas e Edificacións dotacionais, a cal para o seu uso característico ASISTENCIAL utilizaráse a sección 5ª condicións particulares deste uso.

En canto ós usos considerados coma compatibles e complementarios, inclúense os denominados usos asociados, vinculados á Dotacional Asistencial, que neste caso serían dous: o Dotacional Sanitario e o Dotacional Educativo, que coma os restantes complementarios non poderán superar o 50% da superficie do uso característico.

Con Carácter xeral aclárase que os edificios que se proxecten no ámbito terán que adaptarse ós volúmenes dibuxados nos planos correspondentes, permitíndose na área denominada “de movemento” (nos planos dibuxada cunha trama indicativa) a flexibilidade e mobilidades do sólido, pero sempre cumprindo coa Ordanza en cuestión en especial os retiros dos viais, lindeiros e entre os bloques do proxecto.

10. Viabilidade económica.

Os datos sobre a viabilidade así como os de urbanización figuran no cuadro da folla que se adxunta neste epígrafe:

Clave:	S-64-D	Nome:	EIRAVELLA
--------	--------	-------	-----------

Sector de Solo Urbanizable

Superficie Delimitada:	22.035 m ² S
Superficie Computable:	19.304 m ² S
Superficie Total Edificable:	3.922 m ² T
Indice Edificabilidade Bruta:	,178 m ² T/m ² S

COSTOS DE TRANSFORMACIÓN	
Urbanización Normal:	496.624 €
Urbanización Especial:	150.253 €
Indemnizaciones Normales:	11.602 €
Indemnizaciones Especiales:	0 €
Cargas Específicas según Convenio:	0 €
Total Gastos:	658.479 €

VALOR PRODUCTO INMOBILIARIO	
Valor Promediado:	358 €
Valor Apropiable 3922m ² T x 358€x 0,90	1.265.264 €

VALOR INICIAL DO SOLO	
Valor Apropiable:	1.265.264 €
Total Gastos:	658.479 €
Superficie Computable:	19.304 m ² S
Valor Residual (1265264 €- 658479 €) / 19304 m ² S	31 €

11. Criterios seguidos para a implantación dos servicios.

Os criterios seguidos para a imprantación dos servicios no presente sector S-64-D, tanto no interior do mesmo como no que respecta as conexións coas redes xerais ubicadas no vial de Gondomar a Porriño responden a correcta harmonización entre as disposicións contenidas na Normativa do Plan Xeral e as condicións concretas deste ámbito.

Dada a súa pouca entidade, non procede facer unha análise das circulacións nin un estudio do servizo público do transporte.

En canto os Centros de Transformación, serán subterráneos, dacordo co artigo 7.5.15 das Normativas Urbanísticas do Plan Xeral, xa que non concurren as condicións que obrigan a situar ditos centros en superficie.

12. Sistema de actuación e prazos.

O sistema de actuación previsto para a execución das previsións da presente Ordenación e o de concerto, tal como se especifica na cláusula sexta do Convenio suscrito entre a propiedade e o Concello precisándose a constitución dunha Sociedade Mercantil tal como se prevee no artigo 151.1b e 2 da Lei de Ordenación Urbanística, especificado no artigo 152 do mesmo documento.

Os prazos que se comprometen serían:

- A formalización da Escritura pública por parte da propiedade contendo os Estatutos, o Proxecto de Equidistribución e as cesións establecidas con Convenio e co planeamento: 6 meses dende a aprobación definitiva do P.X.O.M.
- Presentación do Proxecto de Equidistribución: 3 meses.
- Presentación do Proxecto de Urbanización: 3 meses despois da aprobación do anterior documento.
- Execución da Urbanización completa: antes de transcurridos dous anos dende a aprobación do Proxecto de Urbanización.

13. Plan de Etapas e avaliación económica das obras de urbanización.

- A. 1ª Etapa.- Ó ser unha urbanización de pouca entidade, prográmase unicamente unha etapa, que son dous anos a partir da aprobación do Proxecto de Urbanización.
- B. Avaliación económica.- Dacordo con artigo 55 do Regulamento de Planeamento, faise a seguinte avaliación económica das obras e servicios que se relacionan:
 - a) Explanación, pavimentación, sinalización e xardinería ----- 370.879 €
 - b) Redes de abastecemento de auga, rego e hidratantes contra incendios -- 67.165 €
 - c) Rede de alcantarillado ----- 19.695 €
 - d) Redes de distribución de enerxía eléctrica e alumeadado público ----- 29.795 €
 - e) Outras redes ou canalizacións de servicios que prevea o Plan ----- 9.090 €

Ascende o total do coste a CATROCENTOS NOVENTA E SEIS MIL SEISCENTOS VINTECATRO (496.624 €).

14. Proxecto de Urbanización e Conservación da mesma.

Para poder levar á práctica as determinacións desta Ordenación Detallada deberá redactarse un Proxecto de Urbanización que desenrolará ditas determinacións que se proxecten executar.

Este documento recollerá as denominadas obras de urbanización, tales como: viales, abastecemento de auga, red de sumidoiros, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinería e outras análogas.

Así mesmo este documento cumprirá a Lei 8/1997 do 20 de Agosto de Accesibilidade e supresión de barreiras da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o Regulamento de desenrolo e execución de dita Lei (aprobado o 28 de Xaneiro de 2000).

Conservación:

- a) No desenrolo e xestión do presente ámbito, os propietarios dos solares resultantes da equidistribución deberán constituirse en Entidade Urbanística da conservación nos termos do apartado 6 do artigo 110 da Lei 15/2004 e o artigo 2.3.5. das Normas Urbanísticas.
- b) O prazo mínimo para o mantemento e conservación da urbanización pola Entidade que se estableza será de cinco (5) anos dende o momento de constitución da mesma hata o momento de recepción das obras polo Concello nos termos fixados polo artigo citado anteriormente.

A documentación deste Proxecto de Urbanización veñe determinada polo artigo 4.3.3- Documentación dos Proxectos de Urbanización do Tomo III, Normativa Urbanística do P.X.O.M.

15. Polígonos

A identidade e superficie do sector, aconsellan establecer un único polígono para todo o ámbito da Ordenación Detallada.

16. Xustificación do Cumprimento da Lei e Regulamento de Accesibilidade.

A lei 8/97, e o Decreto 35/2000 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas esixen que os instrumentos urbanísticos fagan constar expresamente na súa Memoria o seu cumprimento, sinalando as determinacións normativas de aplicación e as solucións adoptadas para lles dar cumprimento.

En canto ás Barreiras arquitectónicas urbanísticas (BAUR) a ter en conta, régulanse no Título II de ámbolos dous textos normativos, distinguíndose no Regulamento o tratamento dos espazos públicos existentes (art. 13), dos de nova creación.

O artigo 13.b do Regulamento indica que cando por dificultades orográficas ou rúas preexistentes non sexa posible a creación dun itinerario adaptado deseñarase como mínimo un itinerario practicable que permita o desprazamento de persoas con mobilidade reducida, sen prexuízo de que progresivamente se establezan as regras para converter os espazos do ámbito en adaptados.

Igualmente, no que se refire a itinerarios peonís para os que o custo de execución como adaptados sexan superior en máis dun 50% ó custo como non adaptados, o Regulamento permite a exención, efectuando unha proposta alternativa, que requirirá, previamente á aprobación do instrumento urbanístico, o informe favorable do Consello Autonómico para a promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras (art. 16 do Regulamento).

No caso concreto da Area de Ordenación Detallada que nos ocupa, existen dous viais preexistentes: o acceso á Universidade e o vial Gondomar – Porriño, cuya pendente é inferior a o dez por cento (10,00 %). Para a realización do Proxecto de Urbanización, incluso a rotonda de acceso desde o vial de Gondomar-Porriño hasta ó da Universidade íste deberá axustarse ó Regulamento de desenvolvemento i execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

En canto a pequena urbanización que resultará dentro da parcela, no seu momento, como xa se indicou, co Proxecto de Urbanización, darase total cumprimento a normativa da Lei e o Regulamento.

ESTUDIO DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO

INDICE

1.	<u>OBXECTO</u>	12
1.1.	<u>DOCUMENTACIÓN</u>	12
1.2.	<u>MARCO LEGAL</u>	13
1.2.1.	<u>Normativa europea</u>	13
1.2.2.	<u>Normativa estatal española</u>	13
1.2.3.	<u>Normativa galega</u>	14
2.	<u>DESCRIPCIÓN DO PROXECTO É AS SÚAS ACCIÓNS</u>	15
2.1.	<u>INTRODUCCIÓN:</u>	15
2.2.	<u>LOCALIZACIÓN</u>	15
2.3.	<u>CRITERIOS DE ORDENACIÓN:</u>	17
2.4.	<u>ORDENACIÓN PROPOSTA:</u>	17
2.4.1.	<u>A cualificación do sector</u>	17
2.4.2.	<u>Os servizos</u>	19
2.4.3.	<u>A calidade do aire e o ruído</u>	19
2.4.3.1.	<u>A calidade do aire</u>	19
2.4.3.2.	<u>O ruído</u>	19
2.4.4.	<u>Os residuos</u>	20
3.	<u>INVENTARIO AMBIENTAL</u>	20
3.1.	<u>INTRODUCCIÓN</u>	20
3.2.	<u>A ANÁLISES DO CONTORNO A ACTUACIÓN</u>	21
3.2.1.	<u>Clima</u>	21
3.2.2.	<u>Xeoloxía</u>	21
3.2.3.	<u>Morfoloxía</u>	22
3.2.3.1.	<u>Altitude</u>	23
3.2.3.2.	<u>Pendente</u>	24
3.2.4.	<u>Hidrografía:</u>	27
3.2.5.	<u>Vexetación</u>	28
3.2.5.1.	<u>Vexetación potencial:</u>	28
3.2.5.2.	<u>Vexetación actual</u>	28
3.2.6.	<u>A PAISAXE</u>	29
3.2.6.1.	<u>A calidade</u>	30
3.2.6.2.	<u>Cuncas visuais</u>	33
3.3.	<u>ANÁLISE DO ÁMBITO DA ACTUACIÓN, O ESTADO ACTUAL:</u>	35
3.3.1.	<u>Estado actual</u>	35
4.	<u>IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE IMPACTOS</u>	35
4.1.	<u>ACCIÓNS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL CON REPERCUSIÓNS AMBIENTAIS SUSCEPTIBLES DE PRODUCIR IMPACTO</u>	36
4.2.	<u>TIPIFICACIÓN DOS EFECTOS QUE PRODUCIR ÁS ACCIÓNS IDENTIFICADAS</u>	38
5.	<u>AVALIACIÓN DOS IMPACTOS OU EFECTOS AMBIENTAIS</u>	39
5.1.	<u>INTRODUCCIÓN</u>	39
5.2.	<u>AVALIACIÓN DOS IMPACTOS SOBRE O MEDIO</u>	40
5.2.1.	<u>Impactos sobre á atmosfera</u>	40
5.2.1.1.	<u>Fase de urbanización e construción</u>	40
5.2.1.2.	<u>Fase de explotación:</u>	41

5.2.2. Impactos sobre o relevo e os solos	42
5.2.2.1. Fase de urbanización e construción:	42
5.2.2.2. Fase de explotación:	43
5.2.3. Impactos sobre a hidroloxía	43
5.2.3.1. Fase urbanización e construción	43
5.2.3.2. Fase de funcionamento	44
5.2.4. Impacto sobre a vexetación	45
5.2.4.1. Fase de urbanización construción	45
5.2.4.2. Fase funcionamento	47
5.2.5. Impacto sobre a fauna	47
5.2.5.1. Fase de urbanización e construción	47
5.2.5.2. Fase funcionamento	48
5.2.6. Impacto sobre a paisaxe	49
5.2.6.1. Fase de urbanización e construción	49
5.2.6.2. Fase funcionamento	50
6. ESTABLECEMENTO DE MEDIDAS PROTECTORAS, CORRECTORAS E COMPENSATORIAS	51
6.1. INTRODUCCIÓN	51
6.2. MEDIDAS CORRECTORAS	51
6.2.1. Xerais	52
6.2.2. Particulares	52
6.2.2.1. Impacto sobre a Atmosfera:	52
6.2.2.1.1. Fase de execución:	52
6.2.2.1.2. Fase de funcionamento:	53
6.2.2.2. Impactos sobre o relevo e os solos	53
6.2.2.2.1. Fase de execución:	53
6.2.2.2.2. Fase de explotación	54
6.2.2.3. Impactos sobre a hidroloxía	54
6.2.2.3.1. Fase de urbanización e construción:	54
6.2.2.3.2. Fase de explotación	54
6.2.2.4. Impacto sobre a vexetación	54
6.2.2.4.1. Fase de urbanización e construción:	54
6.2.2.4.2. Fase funcionamento	55
6.2.2.5. Impacto sobre a fauna	55
6.2.2.5.1. Fase de urbanización e construción:	55
6.2.2.5.2. Fase funcionamento	55
6.2.2.6. Impactos sobre a paisaxe	55
6.2.2.6.1. Fase de urbanización e construción:	55
6.2.2.6.2. Fase de explotación	55
6.2.2.7. Sobre os residuos	56
6.2.2.7.1. Fase de urbanización e construción:	56
6.2.2.7.2. Fase de explotación	56

1. OBXECTO

O estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico xustifícase para dar cumprimento á lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002, do 30 decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

O obxecto deste estudo é a análise e ponderación dos efectos da execución e desenvolvemento da Ordenación detallada dun solo urbanizable, sobre os recursos naturais e o medio físico, así como a adopción das medidas necesarias para minimiza-los seus impactos e a valoración da adecuación das infraestructuras e servizos necesarios para garanti-lo novo desenvolvemento en condicións de calidade e sostibilidade ambiental; así como a coherencia cós obxectivos de protección do dominio público natural.

Un dos aspectos esenciais do estudo está orientado á protección dos recursos naturais, da paisaxe e do dominio publico natural dende os conceptos do desenvolvemento sostible. Isto é dun uso sostible dos recursos naturais seguindo o principio de responsabilidade e racionalidade no consumo de recursos, o principio de equidade aceptando os limites medioambientais.

A ordenación detallada require dun estudo de avaliación ambiental, que analice as repercusións do desenvolvemento desta modificación puntual sobre os recursos naturais e o medio físico que tome medidas para minimizar os impactos e que valore a adecuación das infraestructuras e servizos necesarios para garantir a calidade e sostibilidade ambiental.

1.1.DOCUMENTACIÓN

Este estudo medioambiental analiza a seguinte documentación dispoñible:

- Cartografía temática e cartografía 1:5000 do contorno de clasificación e calificación do solo do termino municipal de Vigo.
- Fotografía aérea a cor do contorno
- Mapa de coberturas e usos do solo Xunta de Galicia a escala 1:25000 SITGA. 2004
- 3er Inventario Forestal Nacional 1997-2006 Galicia – Pontevedra Escala 1:50000 (mapa e base datos asociada)
- IHG Inventario de Húmidas de Galicia. Escala 1:50000 e 1:5000 (Mapas e bases de datos Asociadas. Xunta de Galicia
- Rede Natura escala 1:5000
- Inventario Hábitats 1:50.000 elaborado polo MMA
- Atlas de peixes, anfibios, réptiles, aves e mamíferos de Galicia cuadrícula UTM 10*10 km
- Memoria do mapa de series de vexetación de España (Rivas et Al)

- Mapa xeolóxico de España a escala 1:50.000. Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.2001
- Mapa litolóxico de Galicia a escala 1:250.000. Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia 2001
- Mapa hidroxeolóxico de Galicia a escala 1:250.000 Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.2001
- Traballo de campo e gabinete complementario

1.2.MARCO LEGAL

É preciso dedicar un apartado do estudio a citar as normas específicas e sectoriais, establecidas tanto no ámbito estatal, como no autonómico, no comarcal e ou no municipal. Tratando de establecer un amplo marco de referencias legais, e sen ánimo de esgotar a lexislación sectorial ou específica, incluímos unha relación básica da normativa que directa ou indirectamente afecta á implementación deste estudio ambiental.

1.2.1. Normativa europea

- Directiva 85/337/CEE, do 27 xuño de 1985, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.
- Directiva 96/61/CE, do 24 de setembro de 1996, relativa á prevención e control integrado da contaminación.
- Directiva 97/11/CE, do 3 marzo de 1997, que modifica a Directiva 85/337/CEE.
- Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados planes e programas no medio ambiente (DOCE núm. L 197, do 21 de xullo de 2001)
- Directiva 2003/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, que establece a participación do público na elaboración de certos plans e programas relativos ó medio ambiente e que modificano referente a participación cidadá e acceso á xustiza as Directivas 85/337/CEE e 96/61/CE do Consello.
- Convenio de Espoo, do 25 de febreiro de 1991, ratificado pola UE, publicado no BOE do 21 de outubro de 1997.
- Regulamento 761/2001 EMAS

1.2.2. Normativa estatal española

- Lei 25/1988, do 29 de xullo de 1988, de Estradas.
- Lei 4/1989, do 27 de marzo de 1989, de Conservación dos Espazos Naturais e da Flora e Fauna Silvestre.

- Lei 21/92, do 16 de xullo de 1992, de Industria (BOE do 23 de xullo de 1992).
- Lei 54/1997, do 27 de novembro de 1997, do Sector Eléctrico.
- Lei 6/2001, do 8 de maio de 2001, de modificación do Real Decreto Lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño,
- de avaliación de impacto ambiental (BOE do 9 de maio de 2001, páxinas 16.607 a 16.616).
- Lei 16/2002, do 1 de xullo de 2002, de Prevención e Control Integrados da Contaminación.
- Real Decreto 849/1986, do 11 de abril de 1986, sobre Regulamento do Dominio Público Hidráulico.
- Real Decreto 1302/1986, do 28 de xuño de 1986, de avaliación de impacto ambiental, posteriormente modificado pola Lei 6/2001, de 8 de maio.
- Real Decreto 1131/1988, do 30 de setembro de 1988, polo que se aproba o Regulamento para a execución do Real Decreto Lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de Avaliación de Impacto Ambiental.
- Real Decreto 1211/1990, Regulamento de Ordenación dos Transportes Terrestres.
- Real Decreto 1812/94, do 2 de setembro de 1994, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas.
- Real Decreto 1997/1995, do 7 de decembro de 1995, que traspón a Directiva Hábitats (Directiva 92/42/CEE).
- Real Decreto Lei 9/2000, do 6 de outubro de 2000, que modifica o Real Decreto Lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de Avaliación de Impacto Ambiental.
- Decreto 2414/1961, do 30 de novembro de 1961, Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas.
- Orde Ministerial do Ministerio de Industria, do 18 de outubro de 1976, sobre Protección do Ambiente Atmosférico.

1.2.3. Normativa galega

- Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia
- Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza
- Lei 7/1997, do 11 de agosto, de Protección contra a Contaminación Acústica.
- Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de Avaliación de Impacto Ambiental.
- Decreto 327/1991, do 4 de outubro, de Avaliación de Efectos Ambientais.
- Decreto 250/1993, do 24 de setembro, de Repoboacións Forestais (Art. 13).
- Decreto 199/1997, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Decreto 150/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de Protección Contra a Contaminación Acústica.

2. DESCRIPCIÓN DO PROXECTO É AS SÚAS ACCIÓNS

2.1. INTRODUCCIÓN:

No presente documento analizamos os efectos ambientais derivados das determinacións dunha ordenación detallada dun solo urbanizable residencial na parroquia de Zamáns, no concello de Vigo.



Neste informe se analizan os efectos derivados da modificación da nova ordenación do espazo para o desenvolvemento dun solo urbanizable delimitado de uso dotacional e dos seguintes sistemas locais de zonas verdes e equipamentos que por lei se deberán establecer; así como das infraestructuras e servizos necesarios para acadar un desenvolvemento urbanístico sostible.

Por isto neste capítulo imos comprobar si as determinacións estruturantes deste sector de solo urbanizable garanten as condicións de calidade e sostibilidade ambiental; mediante a análise e comprobación das reservas de solo para zonas verdes e equipamento comunitario, da accesibilidade e funcionalidade das dotacións para acadar unha maior cohesión social, da previsión dos servizos seguindo dos principios do desenvolvemento sostible.

2.2. LOCALIZACIÓN

Este sector localízase no concello de Vigo na parroquia de Zamáns preto do encoro de do mesmo nome. Este sector está situado nunha área ben comunicada, próxima ás principais vías de comunicacións, limita polo sur coa estrada a Porriño, polo oeste coa Autoestrada de Baiona; e esta preto do vial da Universidade e mais dúas corredeiras secundarias polo este e norte.

Na seguinte fotografía se ve o estado actual do ámbito



2.3. CRITERIOS DE ORDENACIÓN:

Na memoria de ordenación figuran os seguintes criterios de ordenación:

- Obxectivos
- 1 Conservación da biodiversidade e do patrimonio natural en xeral: conservación e protección dos valores ecolóxicos, paisaxísticos, produtivos e/o culturais do territorio do sector
 - 2 Prevención dos riscos naturais e tecnolóxicos.
 - 3 Prevención de tódalas formas de contaminación: Mellorar a calidade da atmosfera, a fiabilidade e calidade dos suministros de auga potable, a protección das augas superficiais e subterráneas; reducir na orixe a cantidade de residuos que necesitan unha eliminación final e reducir o ruído ambiental.
 - 4 Mellorar, recuperar e rehabilitar elementos e procesos do medio natural que se atopen degradados por actividades e/o usos incompatibles coa súa capacidade de acollida, mediante accións concretas.
 - 5 Mantemento e mellora da identidade e calidade paisaxística.
 - 6 Acadar un enlace entre a estrada de Porriño coa que sube a Universidade máis seguro, xa que está situado nunha curva de moi poca visibilidade.
 - 7 Mellorar dito vial da Universidade.
 - 8 Así mesmo, acadar un uso dacordo coa boa situación do ámbito dende o punto de vista paisaxístico, climático e de comunicación.
 - 9 Respetar o máximo o entorno de alto nivel ecolóxico.
 - 10 Compatibilizar as determinacións do planeamento vixente coas emanadas dos criterios e obxectivos do presente P.X.O.M.

Estes criterios son conforme o desenvolvemento sostible do ámbito.

2.4. ORDENACIÓN PROPOSTA:

2.4.1. A cualificación do sector

A clasificación do sector que se propón é a seguinte:



Na táboa seguinte detállanse os datos máis salientable da ordenación detallada en relación os recollidos na ficha do sector.

DETERMINACIÓNS ESTRUCTURANTES	FICHA	ORDENACIÓN DETALLADA
SUPERFICIE SECTOR	19.612 m ²	19.612 m ²
USO CARACTERÍSTICO	Dotacional	Dotacional Asistencial
USOS ASOCIADOS	-----	Dotacional Educativo e Sanitario
ALTURA MÁXIMA	4 andares	2 andares
SUPERFICIE MÁXIMA EDIFICABLE	3.922 m ²	3.922 m ²
RESERVA DOTACIÓNS:		
ZONA VERDE USO PÚBLICO	-----	2.050 m ²
DOTACIÓNS PÚBLICAS	-----	650 m ²
APARCAMENTOS USO PÚBLICO	-----	21
SISTEMAS XERAIS VIARIO	-----	3.400 m ²

Tal como se observa na táboa, os datos do sector está dentro dos especificados na ficha do planeamento e xa que logo, dentro dos limites establecidos na propia LOUPMRG: artículo 47

Calidade de vida e cohesión social en relación ás cesións de reservas para zonas verdes de uso público e de dotacións.

A reserva de aparcadoiros está dentro do explicitado na propia lei LOUPMRG ó reservar polo menos unha cuarta parte das prazas para aparcadoiro público.

2.4.2. Os servizos

Na memoria expositiva e xustificativa da ordenación detallada que acompaña á documentación do presente ordenación especificanse e determinase as diferentes actuacións necesarias para cumprir os requisitos legais establecidos pola lexislación vixente e a Lei 9/2002 modificada pola Lei 15/2004 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia en materia de servizos.

Nos planos 6, 7, 8, 9, e 10 da citada memoria se detallan as infraestructuras básicas abastecemento, saneamento, electricidade e telefonía.

2.4.3. A calidade do aire e o ruído

2.4.3.1. A calidade do aire

As accións previstas deben garantir un alto nivel de calidade do aire, e mesmo previr, vixiar e corrixir a contaminación atmosférica no marco da nova lei de protección ambiental - lei 8/2002 do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia e da lei de protección contra o ruído - lei 7/1997 de protección da contaminación acústica.

A calidade do aire, ven dada pola presenza ou ausencia de contaminantes e que pode medirse polos niveis de inmisión de contaminantes e enerxía disipada.

Na actualidade non hai datos dispoñibles sobre o estado actual, de calquera forma dado que se trata dun espazo relativamente alonxado da cidade de Vigo e a pesar cercanía a viais de grande capacidade e a presencian o ámbito de algunhas naves industriais, non temos constancia de que a calidade do aire sexa deficiente.

Por outra banda a actuación proposta o tratarse dun uso dotacional de carácter sanitario durante a súa fase de funcionamento non deberá supoñer unha diminución da calidade actual do aire.

2.4.3.2. O ruído

O ruído é das perturbacións ambientais máis importante que afectan ás persoas. O nivel de ruído a que está sometida unha poboación resulta da combinación de diversos axentes xeradores de ruído. Entre as actividades produtoras de ruído máis habituais no atopamos as industrias, as obras públicas, o ocio e o tránsito de vehículos. Así destes modo as fontes de ruído neste ámbito que poden preocupar serán o tráfico: Na seguinte táboa se recollen os valores de recepción que debe de haber no exterior medidos en dB.

LEI 7/1997 DE GALICIA		
Valores de recepción	DE 8:00 A 22:00	DE 22:00 A 08:00
Zona acústica (Ambiente exterior)		
Alta sensibilidade acústica (sanitarios, docentes, culturais,...)	60	50

2.4.4. Os residuos

Tanto nas fases de urbanización, construción e sobre todo no funcionamento das actividades xeran residuos de todo tipo, sendo necesario por tanto tomar medidas cara a de minimización e correcta xestión dos residuos tanto na fase de construción como na de explotación.

3. INVENTARIO AMBIENTAL

3.1. INTRODUCCIÓN

O estudo é a análise do medio físico elabórase para considerar os efectos que sobre o medio ambiente natural se derivan das accións propostas na ordenación detallada.

No nivel de concreción da proposta o estudo ten o carácter dunha valoración ambiental, có obxectivo de aportar ó proxecto a seguinte información:

- Descrición dos vectores ambientais afectados pola proposta
- Relación dos posibles efectos potenciais sobre o medio ambiente e os seus impactos
- Descrición de medidas adecuadas de prevención e corrección dos impactos negativos que se produzan.

A información dispoñible sobre o medio físico do sector e do seu contorno sintetizouse a partir de traballo tanto de campo como de gabinete. O estudo e análise do medio físico, xunto cas accións que desenvolven o plan constitúen a base do estudo.

Se consideran dos niveis de análise:

- *A análise do ámbito da actuación:*

Para establecer o entorno, optouse por considerar unha superficie rectangular de 3 Km entorno o límite do sector. Este nivel de análises permite sobre todo atender os aspectos paisaxísticos. Como base da análise para as variables topolóxicas realizouse un Modelo Dixital de Elevacións do territorio (en adiante MDT) a partir das curvas de nivel da cartografía a escala 1/ 5.000 da Xunta de Galicia cunha resolución de 4 metros.

- *A análise do sector da actuación:*

Ten por obxecto considerar en detalle as variables ambientais da parcela obxecto da ordenación detallada.

O MDT permite explotar de forma eficaz as variables xeomorfolóxicas (altitude, pendentes, orientación, cuncas intervisibilidade, etc) todas elas de gran importancia para a valoración dos posibles impactos territoriais así como para a análise da paisaxe.

3.2.A ANÁLISES DO CONTORNO A ACTUACIÓN

3.2.1. Clima

O termo municipal de Vigo caracterízase por un clima morno, con escasas xeadas, moderada amplitude térmica anual e diaria, suavidade das temperaturas, precipitacións elevadas e con certa seca estival. Podemos dicir que é un clima oceánico de transición ao mediterráneo. É xa que logo un clima privilexiado, común a Rías Baixas, tanto para o confort dos habitantes como para as especies vexetais que non ven a penas limitado o seu crecemento por mor do clima.

3.2.2. Xeoloxía


Este apartado baséase nos datos extraídos do mapa Xeotécnico e de Riscos Xeolóxicos da cidade de Vigo (E: 1/25.000) editado polo Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IGME).

Dende o punto de vista litolóxico o entorno está formado por materiais silíceos, tratase de rochas metamórficas moi alteradas (paragneis e micoesquistos); os niveles freáticos sitúanse nos entornos de pendentes suaves dende o punto de vista dos resgo /vulnerabilidade estamos na zona tectónica "II" polo que os riscos son de desplazamentos de terras.



3.2.3. Morfoloxía

Unha primeira visión da morfoloxía do territorio se obtén do modelo en 3D do ámbito de estudio. Este modelo elabórase a partir do MDT mais o modelo de iluminación do relevo e os elementos estruturantes do territorio (a rede fluvial, as vías principais, as edificacións). En vermello obsérvase o sector obxecto da ordenación.




A visión en 3D está realizada tomado como eixe central a diagonal noroeste sueste. Na imaxe, represéntanse en azul os principais cursos de auga e o encoro de Zamáns, en gris escuro a rede de estradas e en vermello o sector de actuación.

Deste modelo desprendese que o ámbito está conformado por un val en fondo de saco cuxa divisoria de augas a marca polo Sur a serra do Galiñeiro e polo norte os montes de Marcosende.

O sector de actuación atópase no fondo do vale na ribeira dereita do encoro de Zamáns xa que logo nunha zona baixa.

3.2.3.1. Altitude

O rango de altitude no ámbito vai dende os 114 m na zona norte do ámbito ata mais de 700 m nas cumes do Galiñeiro o que produce un considerable desnivel. Tal e como se pon de manifesto no mapa seguinte.




A morfoloxía do ámbito presenta as cotas mais baixas no zona oeste sinalados en verde escuro no mapa xusto no medio de elas prodúcese a divisoria de auga entre os dous vales.

O sector está situase entre os 300 -350 metros sobre o nivel do mar.

3.2.3.2. Pendente


No seguinte mapa descríbese os rangos de pendente no ámbito de estudio.



Tratase de un ámbito de fortes pendentes si ben nas partes baixas a pendente se modera. No sector de actuación a pendente situase na maior parte da superficie entorno o 6-12 % se ben a pendente incrementase cara o sur oeste alcanzando valores entorno ó 55 %.

Solaina Umbria:


O mapa de solaina umbria se obtén reclasificando o mapa de orientación e neste caso considerando soamente dúas orientacións: a norte e a sur



Existe un predominio das zonas orientadas umbria (norte), pero en concreto, no sector que nos ocupa esta é maioritaria sobre a solaina.

3.2.4. Hidrografía:

O seguinte mapa expresa a rede hidrográfica do ámbito de estudo.



Lenda

- 1 Río Barxa
- 2 Río Eifonso
- 3 Encoro de Zamáns
- 4 Río Zamáns

Os Riós sitúanse en dúas concas diferente o río Barxa e o Eifonso drenan en dirección norte rendendo as súas augas ao Lagares mentres que o Río Zamáns dreña as súas augas ao val Miñor.

Destacamos a cercana do ámbito de actuación ao encoro de Zamáns

3.2.5. Vexetación

3.2.5.1. Vexetación potencial:


O ámbito dende o punto de vista corolóxico atópase localizada na Rexión bioxeográfica Eurosiberiana, Provincia Cántabro-Atlántica, Sector Galaico-Portugués, e Subsector Miñense.

Os bosques característicos (os bosques climáticos) nas terras litorais a occidente da Dorsal Galega seguindo o esquema sistémico da fitosocioloxía pertencen no subsector Miñense á asociación *Rusco aculeati-Quercetum roboris*, que é unha carballeira típica; estas carballeiras que deberían ser os bosques predominantes no territorio, están nembargante case que desaparecidas en toda a Galicia Litoral, pola fonda transformación levada a cabo dende antigo polas actividades e explotación humanas. Outros bosques corolóxicos e por tanto autóctono, neste territorio son os bosques ribeireños ou bosque riparios, asociados a humidade edáfica, e que pertencen a asociación *Senecio bayonensis- Alnetum glutinosae*. Ameneiral ripario, claramente termófilo e de influencia mediterránea, dos pisos termocolino e colino, con ombroclima subhúmido e hiperhúmido. E destes bosques apenas quedan restos.

3.2.5.2. Vexetación actual

Para o estudio da vexetación recorreremos o mapa de usos e coberturas de Galicia. A lenda do mapa de usos e coberturas presenta unha organización xerárquica estruturada en niveis asimilables ós do mapa CORINE- Land-cover. As clases defínense segundo o tipo de uso e a cobertura, sendo uso a actividade que se realiza nun espazo determinado e cobertura a ocupación dunha superficie.

Os tipos de usos que define o Mapa de Usos e Coberturas para o ámbito, de actuación son:



No seguinte cadro recóllense as porcentaxes en ha e porcentaxe do total.

Usos	Hectáreas	%
Cultivos anuais en maioría viñado	864.3692587	24.77%
Eucalipto e Piñeiro	825.0983258	23.64%
Eucalipto piñeiro e caducifolia	1026.287583	29.41%
Lagoas continentais	20.614989	0.59%
Mato	154.0479319	4.41%
Mato pasteiro con rochas	283.7023304	8.13%
Mato e especies moderables	5.4098816	0.16%
Minas	16.3817949	0.47%
Núcleos de poboación	33.6440798	0.96%
Prados en maioría cultivos anuais e mato	17.0498149	0.49%
Urbanización agrícola difusa	147.3911396	4.22%
Zonas indus.comer. e de servicio	96.1669702	2.76%
	3490.164099	100.00%

Nesta táboaponse de relevo que a superficie máis representada é a forestal con máis dun 53 % da superficie seguido do uso agrícola con porcentaxe entornao ao 28 %

Os demais usos son minoritarios.

Destacamos que a cuberta vexetal está formada por masas mixtas de Piñeiro e eucalipto ou piñeiro eucalipto e caducifolia sendo esta última algo máis abundante.

3.2.6. A PAISAXE

A medida que avanza a cultura ambiental, e ante a preocupación que esperta a crecente capacidade de que dispón o ser humano para intervir sobre a paisaxe e alterala de forma intensa e dificilmente reversible, pasouse dunha concepción clásica, que entendía a paisaxe como trasfondo estético da actividade humana, a unha concepción moderna e desenvolvida. Nesta a paisaxe defínese como recurso e patrimonio cultural, adquirindo así unha consideración crecente no conxunto dos valores ambientais que demanda a sociedade. Esta nova dimensión da paisaxe como recurso implica a súa conservación. A vexetación, os usos do solo e o relevo son os principais factores que entran na definición da paisaxe actual.


Á hora de inventariar a paisaxe, determinarase a zona de estudio tendo en conta o conxunto de puntos desde os que é visible modificación puntual, é dicir, a conca visual.

Analízase o potencial da paisaxe para absorber ou ser visualmente perturbado pola actuación, establecendo así a calidade visual do contorno.

O estudio delimita as concas visuais, as unidades intrínsecas da paisaxe e os puntos de incidencia paisaxística. Estúdiase unha área de detalle formada por un cadrado de tres quilómetros de lado trazados desde os límites exteriores da área correspondente.

3.2.6.1. A calidade

A pequena actuación proposta non fai necesaria unha descrición dá paisaxe detallada do area, polo que, para a descrición da paisaxe basearemos no mapa de usos superposto a modelo de iluminación do relevo que lle confire unha aspecto en 3 D que permite unha mellor comprensión da paisaxe



O primeiro elemento que destacamos pola súa importancia na conformación da paisaxe é o encoro de Zamáns constitúe, en si mesmo, o elemento focalizador e estruturante do territorio precisamente pola súa situación central no ámbito e por ser un elemento singular no territorio. O seguinte elemento en importancia é a serra do Galiñeiro e tamén aínda que de menor altura, pero con un importante papel limitador do val os montes de Marcosende. Ambos montes constitúen o fondo escénico da morfoloxía do territorio.

Sobre estes dous elementos se superpoñen os usos do chan. Aportando as diferentes texturas e variedade cromática dos diferentes usos.

Destacamos a presenza da lamina de auga, tanto pola súa textura homoxénea e a súa intensa cor azul, que contrastan con o resto de usos con texturas de gran mais grosso e cores medias na gama dos verdes

En xeral, o modelo de paisaxe do ámbito correspóndese con o modelo tradicional de asentamento en Galicia, aínda que con unha cada vez mais importante intrusión do elementos alleos ao modelo, como son a presenza de importantes vías de comunicación (autoestrada a Baiona, AP - 57, ou o vial da universidade ,etc) e a dispersión das vivendas sobre os antigos vales agrarios.

O modelo de asentamento tradicional galego dá en situar os campos de labor nas zonas baixas e con pendentes moderadas. A parcelación típica do minifundio galego aporta un modelo en mosaico de gran diversidade tanto textural como cromática, marcada pola fase en que se atope

o cultivo e tipo, neste caso, a vide ou as horta ambos con marcadas variedade cromática estacional.

Sobre o espazo agrario e en zonas alomadas situábase tradicionalmente os asentamentos, esta distribución aínda apréciase si ben, como se dixo, cada vez se diseminan mais as construcións sobre o espazo agrario

Por ultimo, o espazo forestal esténdese por encima dos asentamentos e cultivos, situándose a zona arborada nas ladeiras e cumes do relevo secundario sempre que as condicións do chan o permitan e o mato ocupa as zonas de forte pendente ou de cume anque cada vez con mais frecuencia ocupan tamén espazo de cultivos abandonados.

O arborado ao ser maioritariamente piñeiros e eucaliptos aporta escasa diversidade cromático e ademais de pouca variedade estacional, pola escasa variación do fronde e da floración destas especies. Con todo, a existencia de vexetación autóctona pode incrementar localmente esta variedade conformando pequenas masas de formas redondeadas ou ata lineais, nas ribeiras dos ríos e parte das beiras do encoro. Por último, o mato pode nas épocas de floración provocar un importante incremento da diversidade cromática.

En resumo, estamos ante unha paisaxe que podemos considerar que conserva os esquemas típicos do sistemas de asentamento tradicional aínda que con diversa intrusións de elementos alleos, que ten un valor medio con lugares como a zona do entorno do encoro con alto valor paisaxístico.

As seguintes representacións tridimensionais axudan a comprender a paixase.



3.2.6.2. Cuncas visuais

